

## Nota editorial: nova sección

Editores

Cad Aten Primaria  
Año 2008  
Volume 15  
Pág. 184-184

Iníciase neste número unha nova sección, "Que hai de novo en Saúde Pública", elaborada por profesionais da Dirección Xeral de Saúde Pública. Estamos ilusionados con que esta sección resulte atractiva e ben recibida polos lectores. Nela vanse presentar as novas da saúde pública galega e internacional, as actividades, estratexias e instrumentos que nos proporciona para mellorar a Saúde dos cidadáns galegos. Aínda que parece unha organización lonxana da práctica asistencial, xa que parece que só nos afecta o Sergas, a realidade é que as súas accións dan nos instrumentos e habilidades imprescindibles para o manexo diario dos profesionais de atención primaria. A prevención e promoción de saúde, a relación coa comunidade, as enfermidades transmisibles,... Ou tamén podemos dicir: tabaco, tuberculose, sida, exercicio físico, nutrición, vacinas, iodo, ácido fólico,

actividades educativas nos colexios, na televisión, con organización comunitarias,...

Confiamos que esta nova sección será útil para aproximar a saúde pública e a parte asistencial da atención primaria, que sexa útil para coñecernos mellor e que favoreza e potencie a introdución de moita máis prevención e promoción de Saúde tanto na actividade das consultas dos centros de Saúde como na atención comunitaria. Queixámonos moitas veces do exceso de demanda, dos múltiples problemas organizativos e, quizáis, a única vía de reducir a demanda a longo prazo é intentar evitar que a poboación enferme, concepto máis teórico que práctico na vida da asistencia sanitaria habitual, pero que é o obxectivo primario da organización de Saúde Pública.